



ANUNCIO Expte. 2022/E001/000001

PROCESO SELECTIVO PARA PROVER EN PROPIEDADE UNHA PRAZA DE MONITOR SOCIOCULTURAL (PERSOAL LABORAL FIXO), NO CONCELLO DE VALDOVIÑO (incluída na oferta de emprego público do ano 2018)

Por decreto de Alcaldía núm. 608/2022 de data 09.11.22, resolveuse o nomeamento do segundo suplente de Secretario/a no Tribunal Cualificador no proceso anteriormente mencionado; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

“DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

Expte: 2022/E001/000001

PROCESO SELECTIVO PARA PROVER EN PROPIEDADE UNHA PRAZA DE MONITOR SOCIOCULTURAL (PERSOAL LABORAL FIXO), NO CONCELLO DE VALDOVIÑO (incluída na oferta de emprego público do ano 2018).

Asunto: 2º Suplente no Tribunal Cualificador de selección.

Á vista dos antecedentes do expediente relacionado no encabezamento que está a tramitarse:

Publicación convocatoria e bases: Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 35 de 21.02.22; publicado tamén no Taboleiro Anuncios Casa Concello e na web municipal (www.concellodevaldovino.com).

Anuncio Diario Oficial de Galicia nº 43 de 03.03.22

Boletín Oficial do Estado nº 71 de 24.03.22.

Aprobación relación provisional admitidos e excluídos por resolución alcaldía núm. 366/2022, con publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 139 en data 22.07.2022, no Taboleiro de anuncios físico da Casa do Concello e na web municipal, para a subsanación dos defectos e a efectos de reclamacións.

Por resolución de Alcaldía núm. 574 de data 28.10.2022 apróbase o listado definitivo de admitidos, data do 1º exame e noméase no punto terceiro ao Tribunal Cualificador que é o seguinte:

Presidenta.-

Titular.- Carlota González Navarro, secretaria do Concello de Valdoviño.

Suplente.- Cristina Garay Aguirre, Técnica Superior de Persoal no Concello de Arteixo.

Secretaria.-

Titular.- Pilar Rivera Rodríguez, funcionaria administrativa do Concello de Valdoviño.
Suplente.- Senén Martínez Prieto, técnico de xestión do Concello de Valdoviño.

Vogais.-

Titular.- Rita Díaz González, técnica de cultura no Concello de Valdoviño

Suplente.- Rosario García Villar, funcionaria administrativa do Concello de Valdoviño

Titular.- Carlos Abeledo González, arquitecto municipal, Concello de Valdoviño.

Suplente.- Ramón Couce Blanco, arquitecto técnico, concello de Valdoviño.

Titular.- Manuel Larrosa Rodríguez, secretario-interventor do Concello de Ares

Suplente.- Baldomero Beceiro Alonso, secretario-interventor do Concello de Monfero

Visto a imposibilidade de acudir por causas xustificadas tanto a titular Secretaria coma o seu suplente.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e en consonancia coas bases da convocatoria que rexe este proceso selectivo, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como segundo suplente de secretaria/o a Daniel Iglesias Pintado (Policía Local del Concello de Valdoviño), no Tribunal Cualificador do proceso selectivo para prover en propiedade unha praza de monitor sociocultural (persoal laboral fixo), no Concello de Valdoviño.

Segundo.- Notificar a designación ao membro de Tribunal.

Terceiro.- Publíquese o presente decreto no BOP, na páxina web municipal (www.concellodevaldovino.com) e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

/Documento asinado electrónicamente á marxe do mesmo, polo sr. alcalde/

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde,

Alberto González Fernández.

CVD: 3VqkiD9aupLHRfGgu/m9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.